



En novembro de 2002, a cidadanía galega púxose en pé ante a incompetencia dos gobernantes que converteron un accidente nunha catástrofe ecolóxica. Apañando chapapote nas rías coas propias mans, sobordando as rías co clamor da protesta, a cidadanía encheuse de dignidade. Nunca Máis e Burla Negra souberon dar a resposta organizativa con invención, con fantasía, con rebeldía.

Reproducción facsímile do interior dun díptico que recolle o manifesto fundacional da plataforma Nunca Máis, publicado pouco despois da manifestación do 1 de decembro de 2002 en Santiago de Compostela.

Actos e exposición co soporte do Concello da Coruña, **promovidos pola** A.C. Unha Gran Burla Negra **2019**

—**Venres 11 de xaneiro - 19.30 horas.** Parainfo da Reitoría da Universidade da Coruña (Rúa Mestranza, 9):
- Proxección da curta "Unha gran burla negra" (Caneca Filmes, 2018, 25')
- Charla: "Unha mutación antropolóxica: imaxes e prácticas da revolución cultural".
Amador Fernández-Savater
(investigador independente, editor de Acuarela Libros e colaborador en eldiario.es)

—**Xoves 17 de xaneiro - 19.30 horas.** **Palexco**
Inauguración da exposición **Máis Nunca Máis**

Un proxecto dirixido e deseñado por Radio Buguina, baseado no fondo documental da Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Exposición aberta do 17 de xaneiro ao 3 de marzo
Palexco / A Coruña
Horario visita: todos os días, de 12 a 14 horas + de 18 a 21 horas.

—**Xoves 17 de xaneiro - 20 horas.** Palexco, sala de exposicións.
Palestra **Nunca Máis** por algúns dos seus protagonistas:
Manuel Rivas + Uxía Sentle + Felipe Louzán + Suso de Toro

—**Xoves 24 de xaneiro, 19.30 horas.** Salón de plenos Concello da Coruña
Mesa redonda: "O Nunca Máis coma fin do réxime fraguán. Dezaseis anos dun vergoñento consello de ministros".
Xosé Hermida (xornalista de El País);
Comba Campoy (doutora en Ciencias da Comunicación, foi parte da equipa do boletín Contramaré);
José Precedo (xornalista de eldiario.es),
modera Jorge Linheira.

Imprenta La Ciudad / C 11-2019

Exposición
Do 17 de xaneiro ao 3 de marzo de 2019
Palexco / A Coruña

MÁIS NUNCA MÁIS

Crónica popular dun pobo en pé
tras a marea negra do Prestige
2002-2003.
Videoinstalación

NUNCA MÁIS MAREA DE DIGNIDADE

Nacimos o día 21 de novembro de 2002. Daquela era xa evidente que tiñamos enriba unha catástrofe e que cumpría moverse. Era o mar, a nosa vida, o ameazado e viamolo maltratado e indelencoso. Comprobamos que malia ter sufrido xa moitos accidentes deste tipo seguíamos sen méos nen recursos e asistimos abralados ao desinterese, a desidia e as mentiras dos que debían liderar a resposta desde os gobernos de Madrid e da Xunta.

Uns sentíronse traicionados, outros abandonados, todos feridos. Naceu entón esta marea de dignidade. Asociacións e confrarías, grupos ecoloxistas, partidos políticos e sindicatos reunidos en Santiago constituímos a **Plataforma cidadá NUNCA MÁIS** para canalizar perante a Xunta, o Estado e a Unión Europea as demandas da cidadanía galega: a pronta reparación dos danos causados polo Prestige, a inmediata dotación de recursos que pallien as súas graves consecuencias económicas, sociais e medioambientais e a exxencia de depuración de responsabilidades políticas pola nefasta xestión deste desastre. Centos de miles de galegos e galegas acudiron a este chamamento berrando **nunca máis e dimisión por tanta in-com-pe-ten-cia.**

E imos seguir. Colaborando coa xente do mar e botándolle imaxinación para que a nosa voz se teña en conta. Estamos traballando por todo o país. Despois das manifestacións dos días 1 e 11 de decembro, estamos a organizar varios concertos, a distribución masiva e gratuita de bandeiras e carteis co lema **Nunca Máis**, unha enorme cadea humana pola costa...
Animámate!

Podes tamén colaborar economicamente con estas e outras actividades da **Plataforma NUNCA MÁIS C/C 2091/0300/46/3040140552**

contacto@plataformanuncamais.org
www.plataformanuncamais.org

"Invocamos sobre todo a forza do pobo, a capacidade cívica, democrática, de nós mesmos para afrontar responsablemente e con coraxe esta situación de emerxencia, sen que se nos oculte a realidade, sen que se secuestre información, sen que se falte á dignidade pretendendo acalar as verdades cun tintinar de moedas"
(Do manifesto leído por Manuel Rivas na manifestación do 1 de decembro de 2002 en nome da Plataforma NUNCA MÁIS)

MANIFESTO DA PLATAFORMA CIDADÁ NUNCA MÁIS

As múltiples e diversas entidades (partidos políticos, sindicatos, confrarías de pescadores, asociacións de mariscadores, grupos ecoloxistas, etc.) que decidimos constituírmo-nos en Plataforma Cidadá 'Nunca Máis', que con carácter unitario e aberto pretende canalizar as xustas demandas da cidadanía galega para a pronta reparación dos danos causados polo buque Prestige, existimos:

· A declaración de Galicia como zona catastrófica coa inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas, sociais, medioambientais e para a saúde provocadas polo sinistro.

· A inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vata en aumento, coa posta a disposición dilixente dos medios económicos e loxísticos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración medioambiental da costa.

· A adopción de medidas por parte do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia que posibiliten que feitos como este non se volvan a repetir, con medidas dirixidas a aloxar o tráfico de mercadorías perigosas das costas, controlar o tráfico, controlar o estado dos buques e as infraestruturas portuarias que almacenan substancias perigosas, e dotar a Galicia dun dispositivo de salvamento, loita contra a contaminación mariña e intervención rápida en casos de catástrofe suficientemente dotado.

· A Plataforma Cidadá Nunca Máis entende que a catástrofe do Prestige é un desastre de dimensións nacionais que alinxe e implica ao conxunto dos cidadáns e exige de todos os galegos e galegas unha resposta solidaria.

O sinistro pon en evidencia dun xeito sangrante a ineficacia das medidas preventivas para evitar este tipo de sinistros, a ausencia de planos de emerxencia para facer fronte a este tipo de catástrofes, a improvisación e descoordinación nas tarefas de salvamento e loita contra a contaminación e a total escaseza de recursos técnicos e humanos para facer fronte a este tipo de situacións.

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias, reclamamos a dimisión das autoridades que coa súa ineficacia e irresponsabilidade permitiron que o accidente tivese as piores consecuencias, e demandamos a efectivización das medidas recollidas na táboa reivindicativa exposta para que o desastre que padecemos reiteradamente as nosas costas (Polycommander, Urquibola, Erkowit, Andros Pátria, Casón, Mar Exeo...) e que tanto sufrimento provocan na sociedade galega non se volva a producir **NUNCA MÁIS.**